

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 28.12.2017 Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 28 de decembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

- 1 18567 (10/POC-003074)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a denuncia dunha redactora da Radio Galega referida ás instrucións recibidas respecto do contido da súa nova en relación cunha operación contra o terrorismo xihadista
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017

- 2 19619 (10/POC-003214)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 13 máis
Sobre o tratamento informativo dado polos medios de comunicación públicos de Galicia á folga iniciada polo persoal de Bershka o día 26 de outubro na provincia de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017

- 3 20989 (10/POC-003387)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre o papel que está a desempeñar a CRTVG na organización da 36 Conferencia Anual de Circom, a Asociación de Televisións Rexionais Europeas, que se vai celebrar en maio de 2018 na cidade holandesa de Leeuwarden
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 223, do 05.12.2017

- 4 21083 (10/POC-003400)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a información publicada pola TVG, o día 30 de novembro de 2017, en relación co tenente alcalde de Lalín
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 226, do 14.12.2017

- 5 21451 (10/POC-003443)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 13 máis
 Sobre a denuncia dunha xornalista da RG referida ás instrucións recibidas
 respecto da súa nova en relación cunha operación contra o terrorismo
 xihadista en Marrocos e Marbella, as actuacións levadas a cabo e previstas
 polo Director xeral da CRTVG respecto, así como o prazo estimado para a
 creación do Consello de Informativos e a posta en marcha do Estatuto
 Profesional
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 230, do 20.12.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
Paula Vázquez Verao	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 18567(10/POC-003074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a denuncia dunha redactora da Radio Galega referida ás
instrucións recibidas respecto do contido da súa nova en
relación cunha operación contra o terrorismo xihadista

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 13:02
Nº Rexistro: 18567
Data envío: 10/10/2017 13:02:33.228

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre as denuncias de manipulación informativa

O Comité de empresa da CRTVG activou o Protocolo de actuación ante as denuncias de manipulación informativa que elaborou perante a inexistencia do Consello de informativos recollido na Lei 9/2011 de medios públicos audiovisuais de Galiza.

No marco dese mecanismo o comité fixo pública a denuncia dunha traballadora, redactora en prácticas, da Radio Galega despois de que, no propio directo do programa A Crónica, lle ordeasen a retirada dun dos parágrafos da nova en relación á detención dun presunto líder xihadista que “fora afiliado do Partido Popular de Melilla”.

A decisión, adoptada pola coordinadora do informativo foi atribuída ao redactor xefe e, segundo as organizacións sindicais con representación no comité de empresa, atendeu unicamente a criterios políticos e non informativos. Cómpre sinalar que a inmensa maioría dos medios de comunicación, dentro e fóra da Galiza, subliñaron esa afiliación política nas súas informacións.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 13:02
Nº Rexistro: 18567
Data envío: 10/10/2017 13:02:33.228

- Por que razóns se interrompeu a locución dunha redactora durante o directo do informativo para impedir que fixese referencia á afiliación ao Partido Popular dun presunto líder xihadista detido?

- Quen é responsábel desta decisión e baixo que criterios edita as informacións, mesmo como aconteceu neste caso no directo?

- Que medidas adoptou ou prevé adoptar a Dirección Xeral da CRTVG perante esta denuncia amparada polo comité de empresa da CRTVG?

- Cando estará elaborado o Estatuto profesional previsto na Lei 9/2011 que inclúe a creación do Consello de Informativos?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2017 13:02
Nº Rexistro: 18567

Data envío: 10/10/2017 13:02:33.228

Olalla Rodil Fernández na data 10/10/2017 13:02:07

María Montserrat Prado Cores na data 10/10/2017 13:02:12

Ana Pontón Mondelo na data 10/10/2017 13:02:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/10/2017 13:02:14

Noa Presas Bergantiños na data 10/10/2017 13:02:16

Xosé Luis Bará Torres na data 10/10/2017 13:02:17

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 19619(10/POC-003214)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 13 máis

Sobre o tratamento informativo dado polos medios de
comunicación públicos de Galicia á folga iniciada polo
persoal de Bershka o día 26 de outubro na provincia de
Pontevedra

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Jose Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG**.

O cadro de persoal das tendas de Bershka da provincia de Pontevedra iniciaron o 26 de outubro unha folga indefinida, convocada polo comité de empresa, para esixir a mellora das súas condicións laborais, acadando un 100% de seguimento cando se cumpre unha semana do inicio do conflito.

As 65 empregadas das tendas pontevedresas da marca de Inditex, practicamente todas mulleres, reivindican que se equiparen as súas condicións laborais coas melloras pactadas para a mesma cadea noutras provincias, entre as cales se atopan aspectos fundamentais tanto para a mellora salarial como para a conciliación da vida laboral e familiar: un sábado libre ao mes, descansos durante a xornada recollidos na lei, permisos, excedencias e vacacións, consolidación de xornada, fronte á obriga de facer horas complementarias, etc. As empregadas da provincia de Pontevedra cobran uns 130 euros mensuais menos do que reciben as empregadas da mesma cadea na Coruña, un 90% das contratadas sono a tempo parcial e as vacacións de verán son inferiores a 13 días.

A día 1 de novembro, cando se cumpría unha semana do inicio do paro, a TVG non informara do mesmo nos informativos, malia que noutras ocasións si ten emitido novas relativas á cadea



de Inditex, como apertura de tendas en Galiza ou noutros países, aumento de beneficios ou a información relativa a que Inditex limita as súas vendas en Venezuela. Ese mesmo día 1, a TVG informou do reparto entre os accionistas de Inditex de máis de 2.100 millóns euros.

Ata o día 2 de novembro non se informou na TVG sobre a folga das traballadores do Bershka da provincia de Pontevedra. Na Radio Galega, só temos constancia da información na mañá do 2 de novembro de 2017.

Durante as xornadas de folga, o persoal da cadea realizou concentracións, tanto na provincia de Pontevedra, diante dos establecementos de Bershka, como diante da sede de Inditex en Arteixo, ademais de producirse unha xuntanza entre a Dirección de Recursos Humanos de Inditex e o comité de empresa, que rematou sen acordo.

O conflito pon de manifesto a realidade precaria neste sector, altamente feminizado, con salarios que non chegan a mil euros e con condicións laborais que impiden conciliar.

Polo anteriormente exposto, as e os deputados que subscriben, presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Por que a TVG non emitiu (a día 1 de novembro de 2017) pezas nos informativos relativas á folga do persoal de Bershka na provincia de Pontevedra iniciada o 26 de outubro de 2017?
2. Por que a CRTVG non informa na súa web (a día 1 de novembro de 2017) sobre a folga do persoal de Bershka na provincia de Pontevedra iniciada o 26 de outubro de 2017?
3. Emitiu a Radio Galega algunha información sobre o conflito laboral en Bershka na provincia de Pontevedra antes do 2 de novembro de 2017?
4. Considera a CRVTG de máis relevancia informativa para Galiza o feito de que Inditex restrinxa as vendas en Venezuela que unha folga co 100% de seguimento en tendas de Inditex na provincia de Pontevedra?



5. Considera a CRTVG que se informou axeitadamente acerca conflito laboral na cadea Bershka na provincia de Pontevedra tendo en conta que ata o 2 de novembro non se mencionou o asunto nos informativos?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/11/2017 17:22:08

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/11/2017 17:22:13

Juan José Merlo Lorenzo na data 02/11/2017 17:22:19

Carmen Santos Queiruga na data 02/11/2017 17:22:22

Antón Sánchez García na data 02/11/2017 17:22:25

Eva Solla Fernández na data 02/11/2017 17:22:31

Luca Chao Pérez na data 02/11/2017 17:22:34

Paula Quinteiro Araújo na data 02/11/2017 17:22:37

Luis Villares Naveira na data 02/11/2017 17:22:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 17:23
Nº Registro: 19619
Data envío: 02/11/2017 17:23:47.818

Magdalena Barahona Martín na data 02/11/2017 17:22:42

José Manuel Lago Peñas na data 02/11/2017 17:22:45

Francisco Casal Vidal na data 02/11/2017 17:22:48

David Rodríguez Estévez na data 02/11/2017 17:22:51

Marcos Cal Ogando na data 02/11/2017 17:22:54

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 20989(10/POC-003387)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre o papel que está a desempeñar a CRTVG na organización da 36 Conferencia Anual de Circom, a Asociación de Televisións Rexionais Europeas, que se vai celebrar en maio de 2018 na cidade holandesa de Leeuwarden

Publicación da iniciativa, 223, 05.12.2017

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Silvestre José Balseiros Guinarte, Jaime Castiñeira Broz, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Nuñez Centeno, Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión Permanente Non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG.**

No vindeiro mes de maio, na cidade holandesa de Leeuwarden, celebrarase a 36 edición da Conferencia Anual de CIRCUM, a Asociación de Televisións Rexionais Europeas, baixo o lema 'Estamos conectados?'

No encontro, ademais de intercambiar experiencias e coñecementos sobre o sector, abordaranse temas de interese para os medios públicos rexionais tales como a súa relación coas redes sociais ou os novos formatos audiovisuais multimedia, por poñer só un par de exemplos.

Tamén se fará entrega dos premios aos programa televisivos producidos e emitidos por canais rexionais públicos que se consideren os mellores por parte do xurado habilitado para elo.

A CRTVG é membro desta asociación e, en consecuencia, participa tamén na organización deste evento.

En relación con este asunto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

-Cal é o papel que está a desempeñar a CRTVG na organización da 36 Conferencia Anual de CIRCUM?

Santiago de Compostela, 30 de Novembro de 2.017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 13:58
Nº Rexistro: 20989**
Data envío: 30/11/2017 13:58:15.416

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 30/11/2017 13:53:02

María Antón Vilasánchez na data 30/11/2017 13:54:35

Silvestre Balseiros Guinarte na data 30/11/2017 13:54:44

Jaime Castiñeira Broz na data 30/11/2017 13:54:55

María Guadalupe Murillo Solís na data 30/11/2017 13:55:05

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/11/2017 13:55:19

Moisés Rodríguez Pérez na data 30/11/2017 13:56:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 21083(10/POC-003400)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a información publicada pola TVG, o día 30 de novembro
de 2017, en relación co tenente alcalde de Lalín

Publicación da iniciativa, 226, 14.12.2017

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de control da CRTVG.

O xoves, 30 de novembro de 2017, a TVG publicaba a seguinte nova que se transcribe literalmente da páxina web da propia televisión:

“En Lalín, o tenente de alcalde e concelleiro de Servizos Sociais foi detido como o suposto autor dos delitos de falsificación de documentos públicos, revelación de segredos e acoso laboral. A investigación parte da denuncia presentada o mes pasado por un traballador do concello. Tras declarar ante a Garda Civil, o edil manifestou que é totalmente inocente e que colaborará coa xustiza se o caso chega aos tribunais.”

Na imaxe que acompaña á cabeceira da noticia na páxina web figura unha fotografía de D. Nicolás González Casares cun fondo do PSOE; no desenvolvemento da nova pódese ver a esta persoa nunha reunión.

O tratamento que da nova se fai noutros medios é, a modo de exemplo, o seguinte:

1. Investigado el teniente de alcalde de Lalín por presunto acoso y falsificación (*Faro de Vigo*).
2. Investigan al primer teniente de alcalde de Lalín por presunto acoso laboral y falsificación de documento público (*La Voz de Galicia*).
3. Investigan por falsificación y acoso al primer teniente de alcalde de Lalín (*El Correo Gallego*).
4. Investigado el primer teniente de alcalde de Lalín por supuesto acoso laboral y falsificación de documento (*La Vanguardia*).



Grupo Parlamentario

5. Investigan al teniente de alcalde de Lalín por acoso y
6. Investigan al teniente de alcalde de Lalín por acoso y falsificación documental (El Progreso).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

E o desenvolvemento, coincidente en todos os medios sinalados, é que D. Nicolás González Casares compareceu ese xoves ante a Garda Civil en calidade de investigado como presunto autor dun delito de falsificación de documentos públicos, revelación de segredos e acoso laboral, e que o propio D. Nicolás González Casares negou ser detido e explicou que o martes anterior recibira unha chamada dun axente para comunicarlle que debía acudir ao cuartel da capital dezana ás 11 horas dese xoves, cousa que fixo acompañado do seu avogado.

Ese mesmo xoves, 30 de novembro, como unha especie de coincidencia cruel do destino, o director xeral da CRTVG respondía a unha pregunta deste grupo parlamentario sobre un posible caso de manipulación informativa na CRTVG, no seo da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG. Entre outras afirmacións, dixo que o código deontolóxico dos servizos informativos da corporación era máis esixente que os doutros medios de comunicación.

Unha vez máis, os feitos poñen en evidencia que non é así, e que os servizos informativos da CRTVG manipulan as novas con implicacións políticas de xeito que reduzan o impacto e eliminen calquera incidencia negativa sobre o Partido Popular e, pola contra, magnifican e mesmo menten, cando de prexudicar a outros partidos políticos se trata.

Non parece preciso poñer de manifesto a diferenza entre acudir a declarar voluntariamente ante unha citación policial ou xudicial e ser detido para prestar declaración; é unha diferenza que calquera coñece hoxe en día.

Por esa razón, e ante a obvia falta de verdade da nova publicada pola TVG e o tamén obvio coñecemento que os profesionais da TVG teñen da diferenza entre acudir a unha citación para declarar e ser detido para facelo, é forzoso concluír que nos atopamos ante un caso máis de manipulación política da información.



Grupo Parlamentario

Ante a situación exposta, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Contrastaron os periodistas se D. Nicolás González Casares foi detido o día 30 de novembro de 2017 pola Garda Civil de Lalín?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Se foi así, como se explica que desen por certa a detención cando non se produciu, ou, están equivocados todos os medios citados anteriormente?

3ª) Pese a evidente falsidade da nova, como é posible que aínda permaneza na web da CRTVG?

4ª) Pensa tomar algún tipo de medida a dirección da CRTVG contra os responsables da nova?

5ª) Entenden os responsables da CRTVG que encaixa en calquera código deontolóxico dun medio de comunicación público, máxime no moi esixente do propio medio, a difusión e mantemento de novas falsas como á que fai referencia esta pregunta?

Pazo do Parlamento, 4 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/12/2017 13:29:16

Noela Blanco Rodríguez na data 04/12/2017 13:29:23

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 28.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 21451(10/POC-003443)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 13 máis

Sobre a denuncia dunha xornalista da RG referida ás
instrucións recibidas respecto da súa nova en relación cunha
operación contra o terrorismo xihadista en Marrocos e
Marbella, as actuacións levadas a cabo e previstas polo
Director xeral da CRTVG respecto, así como o prazo estimado
para a creación do Consello de Informativos e a posta en
marcha do Estatuto Profesional

Publicación da iniciativa, 230, 20.12.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao, Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión **da CRTVG**.

A traballadora da CRTVG, Ana Belén Costoya Viqueira, presentou unha denuncia por suposta práctica de manipulación informativa, xa que o día 6 de setembro, no medio da emisión, recibiu unha orde directa de omisión dunha información por parte da Coordinadora de Informativos.

Ana Belén Costoya tiña a encomenda de realizar unha noticia sobre a desarticulación dunha célula xihadista en Marrocos e Sevilla para o servizo de informativos de A Crónica. Xa no estudo, mentres procedía á locución da noticia en directo, entra un corte e a orde de non ler parte da noticia: *O presunto líder da célula que está a ser trasladado a Madrid, fora afiliado do PP de Melilla ata hai 3 anos cando deixou de pagar as cotas e perdeu os seus dereitos como militante.*

A traballadora acatou a orde e puxo o feito en coñecemento do Comité de Empresa para que valorase se tal orde cumpre as normas deontolóxicas. Por iso a traballadora interpuxo o día 26 de setembro unha denuncia.

O Director da CRTVG terá que ir ao Xulgado o día 9 de xaneiro de 2018, por una demanda de **TUTELA DE DEREITOS FUNDAMENTAIS** e



INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PREXUÍZOS fronte á empresa
CORPORACIÓN DE RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. (CRTVG).

Creemos que as acusacións verquidas sobre a traballadora, que terán que ser resoltas no xulgado, poñen en risco o futuro profesional da redactora.

O máximo responsábel empresarial da CRTV, e Director Xeral, D. Alfonso Sánchez Izquierdo, revelou datos protexidos da traballadora, acusándoa de transgresión do réxime disciplinario, nun intolerable menoscabo da súa honra profesional. A descualificación e acusacións, obxecto de burla e ira, facendo escarnio público é dunha gravidade indigna dun servizo público

Polo anteriormente exposto, as e os deputados que subscriben, presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Por que pensa que debe ser omitido e non é relevante a afiliación ao PP dun acusado de terrorismo cando, ademais, en case todos os medios consideraron un dato importante na biografía do líder da célula xihadista?
- 2) Por que a censura e protección dos intereses informativos do PP é constante?
- 3) Cal é o grao de autonomía persoal que teñen os e as traballadoras da CRTVG?
- 4) Cando se vai crear o Consello de Informativos e a posta en marcha do Estatuto Profesional?
- 5) Non considera que a independencia é un ben necesario para os informativos?
- 6) Por que revela en tres ocasións e en sede parlamentar a condición de afiliada sindical da traballadora?
- 7) Por que a acusa de insubordinación laboral e de indisciplina sen ningunha base deontolóxica, legal ou xornalística?
- 8) Que cometidos ten agora mesmo encomendados a contratada en prácticas?
- 9) Váiselle renovar o contrato?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21451
Data envío: 13/12/2017 15:49:35.072



- 10) Considera correctos os feitos descritos na denuncia?
- 11) Cal vai ser a actuación do Director Xeral no caso de que o Xulgado o considere culpable?

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/12/2017 15:47:01

Paula Vázquez Verao na data 13/12/2017 15:47:08

Antón Sánchez García na data 13/12/2017 15:47:12

Luis Villares Naveira na data 13/12/2017 15:47:19

Carmen Santos Queiruga na data 13/12/2017 15:47:28

Juan José Merlo Lorenzo na data 13/12/2017 15:47:36

Eva Solla Fernández na data 13/12/2017 15:47:41

Luca Chao Pérez na data 13/12/2017 15:47:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2017 16:30
Nº Rexistro: 21451
Data envío: 13/12/2017 15:49:35.072



Paula Quinteiro Araújo na data 13/12/2017 15:47:48

Magdalena Barahona Martín na data 13/12/2017 15:47:52

José Manuel Lago Peñas na data 13/12/2017 15:47:55

Francisco Casal Vidal na data 13/12/2017 15:47:58

David Rodríguez Estévez na data 13/12/2017 15:48:02

Marcos Cal Ogando na data 13/12/2017 15:48:06